



# Boletín Oficial

## Provincia de Ourense



N.º 87 · Sábado, 18 abril 2009

Dep. legal: OR-1/1958 · Franqueo concertado 30/2

### SUMARIO

#### ELECCIÓN Ó PARLAMENTO EUROPEO 2009

Constitución inicial da Xunta Electoral Provincial  
e as Xuntas Eleitorais de Zona ..... 2

#### I. DEPUTACIÓN PROVINCIAL DE OURENSE

Notificación da concesión de subvención a Lorena Luaces Barril ..... 3

#### II. ADMINISTRACIÓN XERAL DO ESTADO

Delegación de Economía e Facenda  
Xerencia Territorial do Catastro. Ourense  
Exposición pública das características catastrais  
de predios rústicos de Maside (expediente 04.RU.07.OT.322) ..... 3

#### Confederación Hidrográfica do Miño-Sil

Comisaría de Augas. Ourense  
Expediente de solicitude de modificación de características  
da concesión do aproveitamento hidroeléctrico da central  
de San Pedro, no río Sil, en Nogueira de Ramuín ..... 4

#### Confederación Hidrográfica do Douro

Comisaría de Augas. Valladolid  
Corrección de erros da información pública  
de aproveitamento de augas do manantial  
Castelo da Pena e outros, expediente C-1893/2008-OR ..... 6

#### Secretaría de Estado de Infraestruturas

Dirección Xeral de Estradas  
Demarcación de Estradas do Estado en Galicia. Unidade de Ourense  
Notificación de resolución por reparación de danos  
a Gutiérrez Chico, Juan Luis e outros ..... 6

#### IV. ENTIDADES LOCAIS

Maside  
Aprobación definitiva da Ordenanza reguladora  
do servizo de axuda no fogar ..... 7

#### ELECCIONES AL PARLAMENTO EUROPEO 2009

Constitución inicial de la Junta Electoral Provincial  
y de las Juntas Elelectorales de Zona ..... 2

#### I. DIPUTACIÓN PROVINCIAL DE OURENSE

Notificación de la concesión de subvención a Lorena Luaces Barril ..... 3

#### II. ADMINISTRACIÓN GENERAL DEL ESTADO

Gerencia Territorial del Catastro  
Ourense  
Exposición pública de las características catastrales  
de fincas rústicas de Maside (expediente 04.RU.07.OT.322) ..... 4

#### Confederación Hidrográfica del Miño-Sil

Comisaría de Aguas. Ourense  
Expediente de solicitud de modificación de características  
de la concesión del aprovechamiento hidroeléctrico de la central  
de San Pedro, en el río Sil, en Nogueira de Ramuín ..... 5

#### Confederación Hidrográfica del Duero

Comisaría de Aguas. Valladolid  
Corrección de errores de la información pública  
de aprovechamiento de aguas del manantial  
Castelo da Pena y otros, expediente C-1893/2008-OR ..... 6

#### Secretaría de Estado de Infraestructuras

Dirección General de Carreteras  
Demarcación de Carreteras del Estado en Galicia. Unidad de Ourense  
Notificación de resolución por reparación de daños  
a Gutiérrez Chico, Juan Luis y otros ..... 7

#### IV. ENTIDADES LOCALES

Maside  
Aprobación definitiva de la Ordenanza reguladora  
del servicio de ayuda a domicilio ..... 24



## ELECCIÓN Ó PARLAMENTO EUROPEO 2009 ELECCIONES AL PARLAMENTO EUROPEO 2009

Para dar cumprimento ó que dispón o artigo 14 da Lei orgánica 5/1985, do 19 de xuño, do réxime electoral xeral, a Xunta Electoral Provincial e as xuntas electorais de zona están constituídas, inicialmente, polos seguintes membros:

Xunta Electoral Provincial

Presidente: Ilmo. Sr. Fernando Alañón Olmedo, presidente da Audiencia Provincial de Ourense.

Vogais xudiciais:

Ilma. Sra. Ana Blanco Arce, maxistrada-presidenta da Sección Segunda da Audiencia Provincial.

Ilmo. Sr. Manuel Cid Manzano, maxistrado da Sección Segunda da Audiencia Provincial.

secretaría:

Dona Margarita Peña Bonet, secretaria da Audiencia Provincial.

Xunta Electoral de Zona de Bande

Presidenta: Dona María Blanca Díez Mediavilla, xuíza do Xulgado de Primeira Instancia e Instrución de Bande.

Vogais xudiciais:

Dona Rosa Elisa Álvarez Domínguez, xuíza de paz de Lobeira.

Don José Luis Rodríguez Dobaño, xuíz de paz de Muíños.

Secretario:

Don Agustín Gamote Álvarez, secretario do Xulgado de Primeira Instancia e Instrución de Bande.

Xunta Electoral de Zona do Barco de Valdeorras

Presidenta: Don José Javier Bobillo Blanco, xuíz substituto do Xulgado de Primeira Instancia e Instrución número un do Barco de Valdeorras.

Vogais xudiciais:

Dona Purificación González López, xuíza do Xulgado de Primeira Instancia e Instrución número dous do Barco de Valdeorras.

Dona Ángeles Pomar Ramos, xuíza de Paz de Carballeda de Valdeorras.

Secretaría:

Dona Sofía Alonso Regueiro, secretaria do Xulgado de Primeira Instancia e Instrución número un do Barco de Valdeorras.

Xunta Electoral de Zona do Carballiño

Presidenta: Dona Ana María Gómez Bande, xuíza do Xulgado de Primeira Instancia e Instrución número un do Carballiño.

Vogais xudiciais:

Don Darío Carpio Estévez Pérez, xuíz do Xulgado de Primeira Instancia e Instrución número dous do Carballiño.

Don Emilio González Penedo, xuíz de paz do Irixo.

Secretaría:

Dona María Lourdes Soto Rodríguez, secretaria do Xulgado de Primeira Instancia e Instrución número un do Carballiño.

Xunta Electoral de Zona de Ourense

Presidenta: Ilma. Sra. María José González Movilla, maxistrada-xuíza do Xulgado de Primeira Instancia e Instrución número tres de Ourense.

Vogais xudiciais:

Ilma. Sra. María Pilar Domínguez Comesaña, maxistrada-xuíza do Xulgado de Primeira Instancia e Instrución número un de Ourense.

Ilmo. Sr. Antonio Piña Alonso, maxistrado-xuíz do Xulgado de Instrución número dous de Ourense.

Secretaría:

Dona Josefina Diz Barja, secretaria do Xulgado Decano de Ourense.

Xunta Electoral de Zona da Pobra de Trives

Presidente: Dona Susana Conde Fernández, xuíza do Xulgado de Primeira Instancia e Instrución da Pobra de Trives.

Vogais xudiciais:

Don Juan Hervella Carrera, xuíz de paz de Manzaneda.

Don Amador Ares Ares, xuíz de paz de Chandrexa de Queixa.

Secretaría:

Dona María Lapido Alonso, secretaria do Xulgado de Primeira Instancia e Instrución da Pobra de Trives.

Xunta Electoral de Zona de Ribadavia

Presidenta: Dona María de la Concepción Cañas Pedrosa, xuíza do Xulgado de Primeira Instancia e Instrución de Ribadavia.

Vogais xudiciais:

Don Castor Anselmo Gil Pérez, xuíz de paz da Arnoia.

Don Manuel Fernández Fernández, xuíz de paz de Castelo de Miño.

Secretaría:

Dona María Dolores Blanco Pereira, secretaria do Xulgado de Primeira Instancia e Instrución de Ribadavia.

Xunta Electoral de Zona de Verín

Presidenta: Dona María Elena Sierra Rodríguez, xuíza do Xulgado de Primeira Instancia e Instrución número un Decano de Verín.

Vogais xudiciais:

Dona María Teresa Marcos Mariño, xuíza do Xulgado de Primeira Instancia e Instrución número dous de Verín.

Don Luis Enrique Lorenzo Vila, xuíz de paz de Laza.

Secretaría:

Dona Ana Gloria Miramontes Carballada, secretaria do Xulgado de Primeira Instancia e Instrución número un, Decano de Verín.

Para dar cumplimiento a lo que dispone el artículo 14 de la Ley orgánica 5/1985, de 19 de junio, del régimen electoral general, la Junta Electoral Provincial y las juntas electorales de zona están constituidas, inicialmente, por los siguientes miembros:

Junta Electoral Provincial

Presidente: Ilmo. Sr. Fernando Alañón Olmedo, presidente de la Audiencia Provincial de Ourense.

Vocales judiciales:

Ilma. Sra. Ana Blanco Arce, magistrada-presidenta de la Sección Segunda de la Audiencia Provincial.

Ilmo. Sr. Manuel Cid Manzano, magistrado de la Sección Segunda de la Audiencia Provincial

Secretaría:

Doña Margarita Peña Bonet, secretaria de la Audiencia Provincial.

Junta Electoral de Zona de Bande

Presidenta: Doña María Blanca Díez Mediavilla, jueza del Juzgado de Primera Instancia e Instrucción de Bande.

Vocales judiciales:

Doña Rosa Elisa Álvarez Domínguez, jueza de paz de Lobeira.

Don José Luis Rodríguez Dobaño, juez de paz de Muíños.

Secretario:

Don Agustín Gamote Álvarez, secretario del Juzgado de Primera Instancia e Instrucción de Bande.

Junta Electoral de Zona de O Barco de Valdeorras

Presidente: Don José Javier Bobillo Blanco, juez sustituto del Juzgado de Primera Instancia e Instrucción número uno de O Barco de Valdeorras.

**Vocales judiciales:**

Doña Purificación González López, jueza del Juzgado de Primera Instancia e Instrucción número dos de O Barco de Valdeorras.

Doña Ángeles Pomar Ramos, jueza de paz de Carballada de Valdeorras.

**Secretaria:**

Doña Sofía Alonso Regueiro, secretaria del Juzgado de Primera Instancia e Instrucción número uno de O Barco de Valdeorras.

**Junta Electoral de Zona de O Carballiño**

Presidenta: Doña Ana María Gómez Bande, jueza del Juzgado de Primera Instancia e Instrucción número uno de O Carballiño.

**Vocales judiciales:**

Don Darío Carpio Estévez Pérez, juez del Juzgado de Primera Instancia e Instrucción número dos de O Carballiño.

Don Emilio González Penedo, juez de paz de O Irixo.

**Secretaria:**

Doña María Lourdes Soto Rodríguez, secretaria del Juzgado de Primera Instancia e Instrucción número uno de O Carballiño.

**Junta Electoral de Zona de Ourense**

Presidenta: Ilma. Sra. María José González Movilla, magistrada-jueza del Juzgado de Primera Instancia número tres de Ourense.

**Vocales judiciales:**

Ilma. Sra. María Pilar Domínguez Comesaña, magistrada-jueza del Juzgado de Primera Instancia número uno de Ourense.

Ilmo. Sr. Antonio Piña Alonso, magistrado-juez del Juzgado de Instrucción número dos de Ourense.

**Secretaria:**

Doña Josefina Diz Barja, secretaria del Juzgado Decano de Ourense.

**Junta Electoral de Zona de A Pobra de Trives**

Presidente: Doña Susana Conde Fernández, Juez del Juzgado de Primera Instancia e Instrucción de A Pobra de Trives.

**Vocales judiciales:**

Don Juan Hervella Carrera, juez de paz de Manzaneda.

Don Amador Ares Ares, juez de paz de Chandrexa de Queixa.

**Secretaria:**

Doña María Lapido Alonso, secretaria del Juzgado de Primera Instancia e Instrucción de A Pobra de Trives.

**Junta Electoral de Zona de Ribadavia**

Presidenta: Doña María de la Concepción Cañas Pedrosa, juez del Juzgado de Primera Instancia e Instrucción de Ribadavia.

**Vocales judiciales:**

Don Castor Anselmo Gil Pérez, juez de paz de A Arnoia.

Don Manuel Fernández Fernández, juez de paz de Castrelo de Miño.

**Secretaria:**

Doña María Dolores Blanco Pereira, secretaria del Juzgado de Primera Instancia e Instrucción de Ribadavia.

**Junta Electoral de Zona de Verín**

Presidenta: Doña María Elena Sierra Rodríguez, juez del Juzgado de Primera Instancia e Instrucción número uno, Decano de Verín.

**Vocales judiciales:**

Doña María Teresa Marcos Mariño, juez del Juzgado de Primera Instancia e Instrucción número dos de Verín.

Don Luis Enrique Lorenzo Vila, juez de Paz de Laza.

**Secretaria:**

Doña Ana Gloria Miramontes Carballada, secretaria del Juzgado de Primera Instancia e Instrucción número Uno, Decano de Verín.

R. 1.733

**I. DEPUTACIÓN PROVINCIAL DE OURENSE****I. DIPUTACIÓN PROVINCIAL DE OURENSE**

Por acordo da Xunta de Goberno desta Deputación do 6 de febreiro de 2009, concedéuselle a Lorena Luaces Barril, con DNI n.º 44484995M, unha subvención de 1.200,00 euros, correspondente á convocatoria de axudas a deportistas para o ano 2008.

Ó non poder ser notificada no lugar indicado na solicitude, e de acordo co establecido no artigo 59.5 da Lei 30/1992, do 26 de novembro, faise público mediante este anuncio, facéndolle saber á interesada que contra esta resolución pode interpor, potestativamente, recurso de reposición ante a Xunta de Goberno desta Deputación, no prazo dun mes, como trámite previo ó contencioso-administrativo, ou ben directamente recurso contencioso-administrativo, ante o Xulgado Provincial do Contencioso-Administrativo de Ourense, no prazo de dous meses, sen que se poidan simultanear ámbolos dous recursos. En todo caso, poderán interpor calquera outro recurso que consideren pertinente. Os prazos indicados computaranse a partir do día seguinte ó da publicación deste anuncio no Boletín Oficial da Provincia.

Para calquera outra dúbida ou consulta, pode dirixirse ó Negociado de Subvencións desta Deputación Provincial, teléfono 988 011 446.

Ourense, 27 de marzo de 2009. O presidente.

Asdo.: José Luis Baltar Pumar.

Por acuerdo de la Junta de Gobierno de esta Diputación de 6 de febrero de 2009, se concedió a Lorena Luaces Barril, con DNI n.º 44484995M, una subvención de 1.200,00 euros, correspondiente a la convocatoria de ayudas a deportistas para el año 2008.

Al no poder ser notificada en el lugar indicado en la solicitud, y en cumplimiento de lo establecido en el artículo 59.5 de la Ley 30/1992, de 26 de noviembre, se hace público mediante este anuncio, haciendo saber a la interesada que contra esta resolución pueden interponer, potestativamente, recurso de reposición ante la Junta de Gobierno de esta Diputación, en el plazo de un mes, como trámite previo al contencioso-administrativo, o bien directamente recurso contencioso-administrativo, ante el Juzgado Provincial de lo Contencioso-Administrativo de Ourense, en el plazo de dos meses, sin que se puedan simultanear los dos recursos. En todo caso, podrán interponer cualquier otro recurso que consideren pertinente. Los plazos indicados se computaran a partir del día siguiente al de la publicación de este anuncio en el Boletín Oficial de la Provincia.

Para cualquier otra duda o consulta, puede dirigirse al Negociado de Subvenciones de esta Diputación Provincial, teléfono 988 011 446.

Ourense, 27 de marzo de 2009. El presidente.

Fdo.: José Luis Baltar Pumar.

R. 1.605

**II. ADMINISTRACIÓN XERAL DO ESTADO****II. ADMINISTRACIÓN GENERAL DEL ESTADO****Delegación de Economía e Facenda****Xerencia Territorial do Catastro****Ourense****Edicto**

En cumprimento do previsto na disposición adicional única do texto refundido da Lei do catastro inmobiliario, aprobado polo



Real decreto legislativo 1/2004, do 5 de marzo, ponse en coñecemento de tódolos interesados que a partir do día hábil seguinte ó da publicación deste edicto no Boletín Oficial da Provincia e durante o prazo de quince días hábiles, estarán expostas nos baixos do Concello de Maside (antiga casa sindical), r/Rodríguez Soto, s/n, 32570, Maside, as características catastrais dos predios rústicos resultantes da renovación do catastro rústico que se está a facer no concello de Maside (expediente 04.RU.07.OT.322). Durante este período e os quince días seguintes, os interesados poderán presentalas alegacións que consideren oportunas.

Ourense, 13 de abril de 2009. O xerente territorial.

Asdo.: Manuel Junco Ruíz.

## Delegación de Economía y Hacienda Gerencia Territorial del Catastro Ourense

### Edicto

En cumplimiento de lo previsto en la disposición adicional única del texto refundido de la Ley del catastro inmobiliario, aprobado por Real decreto legislativo 1/2004, de 5 de marzo, se pone en conocimiento de todos los interesados que a partir del día hábil siguiente al de publicación de este edicto en el Boletín Oficial de la Provincia, y durante el plazo de quince días hábiles, se hallarán expuestas en los bajos del Ayuntamiento de Maside (antigua casa sindical), c/Rodríguez Soto, s/n, 32570, Maside, las características catastrales de las fincas rústicas, resultado de la renovación del catastro rústico que se está efectuando en el municipio de Maside (expediente 04.RU.07.OT.322). Durante este período y los quince días siguientes, los interesados podrán presentar las alegaciones que consideren oportunas.

Ourense, 13 de abril de 2009. El gerente territorial.

Fdo.: Manuel Junco Ruíz.

R. 1.679

## Confederación Hidrográfica de Miño-Sil Comisaría de Aguas Ourense

### Información pública

Para os efectos previstos no artigo 144.3 do Real decreto 849/1986, do 11 de abril (BOE 30 de abril de 1986) e artigo 9 do Real decreto legislativo 1/2008, do 11 de xaneiro (BOE do 26 de xaneiro de 2008), sométese a información pública o proxecto e estudo de impacto ambiental da petición de modificación de características da concesión e autorización do aproveitamento hidroeléctrico, cuxas características son:

N.º de expediente: E/H/32/11869/213-G

Peticionario: Iberdrola Generación, SAU. CIF A-95075586

Domicilio: R/ Tomás Redondo, 1.- 28003 Madrid

Obxecto do aproveitamento: produción de enerxía eléctrica.

Corrente de onde se derivan as augas: río Sil.

Caudal: ampliación en 150 m<sup>3</sup>/s.

Salto neto máximo: 18 m.

Potencia para instalar: 23,25 MW (a central ampliada terá unha potencia de 55,25 MW).

Termo municipal onde radican as obras: Nogueira de Ramuín. Provincia: Ourense.

Características das obras do aproveitamento: Proxéctase a ampliación do actual Salto de San Pedro, de 32 MW de poten-

cia, no río Sil, para o cal se solicita a oportuna modificación de características da concesión, no sentido de incrementa-lo caudal máximo para derivar en 150 m<sup>3</sup>/s. Esta ampliación levaríase a cabo mediante a instalación dun novo grupo cunha turbina Kaplan vertical de 23,25 MW de potencia nominal acoplada directamente a un xerador trifásico síncrono de 28 MVA de potencia aparente. Coa dita ampliación, a potencia total do aproveitamento será de 55,25 MW. Para isto, proxéctase nova toma de augas, condución en presión con trazado subterráneo, central e desaugadoiro, parque de transformación e accesos.

### Toma de auga

Proxéctase unha nova toma de auga en dous ocos separados por un partididor dun metro de ancho. Esta realízase mediante a apertura do muro que limita o encoro pola súa marxe esquerda, co seu eixo a 60 m da presa e a 36 m do da toma de San Pedro. As súas dimensións interiores serían de 15x10 m, con cota de limiar a 114,50 msnm. A entrada da auga estaría resgardada por reixas independentes para cada oco e un limparreixas de angazo.

### Condución en presión

A condución en presión proxéctase mediante túnel de formigón con sección circular de 6,75 m de diámetro, 0,45 m de espesor, pendente de 5,98% e 160 m de lonxitude total. En planta a condución constaría de dúas aliñacións curvas de 25 m de diámetro e 19,09 e 29,64 m de lonxitude, unidas mediante unha aliñación recta de 41,40 m. Os últimos 12 m realizaríanse mediante tubaxe con blindaxe metálica.

### Central

Estará situada na marxe esquerda do río Sil, no espazo que quedaría entre o circuíto hidráulico da actual central de San Pedro e a presa. Disporíase en escavación en pozo. A súa planta sería rectangular, de dimensións interiores 31,40x17,20 m. O seu interior distribúese en dous niveis principais e tres secundarios. A súa estrutura realizaríase mediante muro perimetral de sección variable e forxados apoiados en piares. A cimentación realizaríase mediante un caixón escavado no terreo existente, realizándose con medios mecánicos en pozo.

### Desaogadoiro

A saída de auga da turbina realizaríase a través dun canal de 31 m de lonxitude, con ancho inicial de 14,50 m, finalizando cuns 16,70 m, comunicando o tubo de aspiración do grupo co leito do río mediante soleira de formigón armado con contra pendente do 12%.

### Parque de transformación

O parque de transformación aprovéitase e coincide co xa existente, localizándose entre o edificio da central e o estribo esquerdo da presa. As súas dimensións serán de 27,30 x 15 m.

### Accesos

O acceso realizaríase por unha estrada particular de Iberdrola que arranca dunha variante da N-120 no punto de desembocadura no río Miño, no lugar afastado dos Peares e que discorre paralela ó leito, pola súa marxe esquerda. Proxéctase desviar a estrada desde uns 120 m antes do eixo da presa, transcorrendo pegada á montaña ata pasada a actual zona de naves para entroncar coa estrada existente na zona da central actual. Demoleríanse as naves e produciríase un volume de escavación considerable da ladeira.

### Estudo de impacto ambiental

O estudo de impacto ambiental presentado denomínase "Estudo de impacto ambiental da Central Hidroeléctrica San Pedro II, provincia de Ourense", novembro 2007, e inclúe unha descrición do proxecto e as súas accións, un inventario ambiental, a identificación, caracterización e valoración de impactos, un conxunto de medidas protectoras, correctoras e compensa-





torias e un programa de vixilancia ambiental, así como un conxunto de anexos entre os que figuran as contestacións ás consultas previas e un estudo arqueolóxico.

Publícase isto para xeral coñecemento, abríndose un prazo dun (1) mes, contado a partir do día seguinte ó da publicación deste anuncio no BOP de Ourense, co fin de que os que se consideren prexudicados coa modificación da concesión solicitada, poidan presenta-las súas alegacións ou reclamacións durante o prazo indicado, na Confederación Hidrográfica do Miño-Sil, en Ourense (rúa Progreso, 6), onde estarán expostos o expediente, o proxecto e o estudo de impacto ambiental para poderen ser examinados, podéndose tramitar, así mesmo, a través do Concello de Nogueira de Ramuín (Ourense).

Pola Confederación Hidrográfica do Miño-Sil. O comisario de Aguas.

Asdo.: Ramón Gallego Gil.

## Confederación Hidrográfica del Miño-Sil

Comisaría de Aguas  
Ourense

### Información pública

Para los efectos previstos en el artículo 144.3 del Real decreto 849/1986, de 11 de abril (BOE 30 de abril de 1986) y artículo 9 del Real decreto legislativo 1/2008, de 11 de enero (BOE de 26 de enero de 2008), se somete a información pública el proyecto e estudio de impacto ambiental de la petición de modificación de características de la concesión y autorización del aprovechamiento hidroeléctrico, cuyas características son:

N.º de expediente: E/H/32/11869/213-G

Peticionario: Iberdrola Generación, SAU. CIF A-95075586.

Domicilio: C/ Tomás Redondo, 1.- 28003 Madrid.

Objeto del aprovechamiento: producción de energía eléctrica.

Corriente de donde se derivan las aguas: río Sil.

Caudal: ampliación en 150 m3/s.

Salto neto máximo: 18 m.

Potencia para instalar: 23,25 MW (la central ampliada tendrá una potencia de 55,25 MW).

Término municipal donde radican las obras: Nogueira de Ramuín.

Provincia: Ourense.

Características de las obras del aprovechamiento: Se proyecta la ampliación del actual Salto de San Pedro, de 32 MW de potencia, en el río Sil, para el cual se solicita la oportuna modificación de características de la concesión, en el sentido de incrementar el caudal máximo para derivar en 150 m3/s. Esta ampliación se llevaría a cabo mediante la instalación de un nuevo grupo con una turbina Kaplan vertical de 23,25 MW de potencia nominal acoplada directamente a un generador trifásico síncrono de 28 MVA de potencia aparente. Con dicha ampliación, la potencia total del aprovechamiento será de 55,25 MW. Para ello, se proyecta nueva toma de aguas, conducción en presión con trazado subterráneo, central y desagüe, parque de transformación y accesos.

Toma de agua

Se proyecta una nueva toma de agua en dos vanos separados por un partidor de un metro de ancho. Ésta se realiza mediante la apertura del muro que limita el embalse por su margen izquierda, con su eje a 60 m de la presa y a 36 m del de la toma de San Pedro. Sus dimensiones interiores serían de 15x10 m, con cota de umbral a 114,50 msnm. La entrada da agua estaría resguardada por rejillas independientes para cada vano y un limpiarreas de rastrillo.

### Conducción en presión

La conducción en presión se proyecta mediante túnel de hormigón con sección circular de 6,75 m de diámetro, 0,45 m de espesor, pendiente de 5,98% y 160 m de longitud total. En planta la conducción constaría de dos alineaciones curvas de 25 m de diámetro y 19,09 y 29,64 m de longitud, unidas mediante una alineación recta de 41,40 m. Los últimos 12 m se realizarían mediante tubería con blindaje metálico.

### Central

Estará situada en la margen izquierda del río Sil, en el espacio que quedaría entre el circuito hidráulico de la actual central de San Pedro y la presa. Se dispondría en excavación en pozo. Su planta sería rectangular, de dimensiones interiores 31,40x17,20 m. Su interior se distribuye en dos niveles principales y tres secundarios. Su estructura se realizaría mediante muro perimetral de sección variable y forjados apoyados en pilares. La cimentación se realizaría mediante un cajón excavado en el terreno existente, realizándose con medios mecánicos en pozo.

### Desagüe

La salida de agua de la turbina se realizaría a través de un canal de 31 m de longitud, con ancho inicial de 14,50 m, finalizando con unos 16,70 m, comunicando el tubo de aspiración del grupo con el cauce del río mediante solera de hormigón armado con contra pendiente del 12%.

### Parque de transformación

El parque de transformación aprovecha y coincide con el ya existente, localizándose entre el edificio de la central y el estribo izquierdo de la presa. Sus dimensiones serán de 27,30 x 15 m.

### Accesos

El acceso se realizaría por una carretera particular de Iberdrola que arranca de una variante de la N-120 en el punto de desembocadura en el río Miño, en el paraje de Os Peares y que discurre paralela al cauce, por su margen izquierda. Se proyecta desviar la carretera desde unos 120 m antes del eje de la presa, transcurriendo pegada a la montaña hasta pasada la actual zona de naves para entroncar con la carretera existente en la zona de la central actual. Se demolerían las naves y se produciría un volumen de excavación considerable de la ladera.

### Estudio de impacto ambiental

El estudio de impacto ambiental presentado se denomina "Estudio de impacto ambiental de la Central Hidroeléctrica San Pedro II, provincia de Ourense", noviembre 2007, e incluye una descripción del proyecto y sus acciones, un inventario ambiental, la identificación, caracterización y valoración de impactos, un conjunto de medidas protectoras, correctoras y compensatorias y un programa de vigilancia ambiental, así como un conjunto de anexos entre los que figuran las contestaciones a las consultas previas y un estudio arqueológico.

Se hace público para general conocimiento, abriéndose un plazo de un (1) mes, contado a partir del día siguiente al de la publicación de este anuncio en el BOP de Ourense, con el fin de que los que se consideren perjudicados con la modificación de la concesión solicitada puedan presentar sus alegaciones o reclamaciones durante el plazo indicado, en la Confederación Hidrográfica del Miño-Sil, en Ourense (calle Progreso, 6), donde estarán expuestos el expediente, el proyecto y el estudio de impacto ambiental para poder ser examinados, pudiéndose tramitar, asimismo, a través del Ayuntamiento de Nogueira de Ramuín (Ourense).

Por la Confederación Hidrográfica del Miño-Sil. El comisario de Aguas.

Fdo.: Ramón Gallego Gil.

R. 1.051



## Confederación Hidrográfica do Douro

Comisaría de Augas  
Valladolid

### Anuncio para emenda de erros de información pública

Con data 8 de xaneiro de 2009 foi publicado un anuncio relativo á solicitude de concesión dun aproveitamento de augas superficiais, subscrito por CDE, de MM. VV. A Fraira, Santa María e Traseirexa (E32327306) para o aproveitamento das augas do manancial Castelo da Pena, situado na parcela número 45 do polígono 35, no termo municipal de Vilardevós (Ourense), con destino a abastecemento da dita poboación (107 habitantes) así como para derivar a auga a un depósito de incendios.

As obras descritas na documentación presentada son catro captacións, e non dúas, como por erro se publicou no Boletín Oficial da Provincia de Ourense na data anteriormente mencionada e se describen da seguinte maneira:

- Manancial Castelo da Pena, situado na parcela número 45 do polígono 35 do Concello de Vilardevós. As obras consistirán en unha escavación para localizalo punto exacto onde nace a auga, a instalación dun tubo de drenaxe para recolle-la auga e derivala a un depósito de auga para incendios e ás tres poboacións para abastecer.

- Manancial Fonte da Vades, situado na parcela número 126 do polígono 38 do Concello de Vilardevós cun caudal de 100 l/día e a 100 m dun depósito que abastece a poboación de Traseirexa; e manancial Val da Cerdeira, situado na parcela número 112 do polígono 29 do citado Concello. A auga que procede deste manancial derivase a un depósito que á súa vez está comunicado co outro depósito que abastece á poboación de Traseirexa.

- Manancial Laga da Catalina, situado na parcela número 69 do polígono 29 do Concello de Vilardevós, cun caudal de 100 l/día. A auga do manancial derivase a un depósito que subministra auga á poboación da Fraira.

Publícase isto, en cumprimento do disposto nos artigos 105 e 109 do Regulamento do dominio público hidráulico, aprobado polo RD 849/1986, do 11 de abril, modificado polo RD 606/2003, do 23 de maio, co fin de que, no prazo dun mes contado a partir da publicación deste anuncio no Boletín Oficial da Provincia de Ourense, poidan presentar reclamacións os que se consideren afectados, no Concello de Vilardevós (Ourense), ou ante esta Confederación Hidrográfica do Douro, r/ Muro, 5 Valladolid onde se atopa de manifesto as documentacións técnicas do expediente de referencia C-1893/2008-OR (Alberca-INY).

Valladolid, 12 de marzo de 2009. O xefe de Área de Xestión do DPH.

Asdo.: Rogelio Anta Otel.

## Confederación Hidrográfica del Duero

Comisaría de Augas  
Valladolid

### Anuncio para subsanación de erros de información pública

Con fecha 8 de enero de 2009 fue publicado un anuncio relativo a la solicitud de concesión de un aprovechamiento de aguas superficiales, suscrito por CDE, de MM. VV. A Fraira, Santa María y Traseirexa (E32327306) para el aprovechamiento de las aguas del manancial Castelo da Pena, situado en la parcela número 45 del polígono 35, en el término municipal de Vilardevós (Ourense), con destino a abastecimiento de dicha población (107 habitantes) así como para derivar el agua a un depósito de incendios.

Las obras descritas en la documentación presentada son cuatro captaciones, y no dos, como por error se publicó en el Boletín Oficial de la Provincia de Ourense en la fecha anteriormente mencionada y se describen de la siguiente manera:

- Manantial Castelo da Pena, situado en la parcela número 45 del polígono 35 del Ayuntamiento de Vilardevós. Las obras consistirán en una excavación para localizar el punto exacto en donde nace el agua, la instalación de un tubo de drenaje para recoger el agua y derivarla a un depósito de agua para incendios y las tres poblaciones para abastecer.

- Manantial Fonte da Vades, situado en la parcela número 126 del polígono 38 del Ayuntamiento de Vilardevós con un caudal de 100 l/día y a 100 m de un depósito que abastece a la población de Traseirexa; y Manantial Val da Cerdeira, situado en la parcela número 112 del polígono 29 del citado Ayuntamiento. El agua que procede de este manantial se deriva a un depósito que a su vez está comunicado con el otro depósito que abastece a la población de Traseirexa.

- Manantial Laga da Catalina, situado en la parcela número 69 del polígono 29 del Ayuntamiento de Vilardevós, con un caudal de 100 l/día. El agua del manantial se deriva a un depósito que suministra agua a la población de A Fraira.

Se hace público, en cumplimiento de lo dispuesto en los artículos 105 y 109 del Reglamento del dominio público hidráulico, aprobado por el RD 849/1986, de 11 de abril, modificado por el RD 606/2003, de 23 de mayo, a fin de que, en el plazo de un mes contado a partir de la publicación de este anuncio en el Boletín Oficial de la Provincia de Ourense, puedan presentar reclamaciones los que se consideren afectados, en el Ayuntamiento de Vilardevós (Ourense), o ante esta Confederación Hidrográfica del Duero, c/ Muro, 5 Valladolid donde se halla de manifiesto las documentaciones técnicas del expediente de referencia C-1893/2008-OR (Alberca-INY).

Valladolid, 12 de marzo de 2009. El jefe de Área de Gestión del DPH.

Fdo.: Rogelio Anta Otel.

R. 1.534

## Secretaría de Estado de Infraestructuras

Dirección Xeral de Estradas  
Demarcación de Estradas do Estado en Galicia

### Unidade de Ourense

Resolución da Unidade de Estradas do Estado en Ourense sobre notificación de actos administrativos en expedientes de danos.

Comunicáselles ós interesados sinalados na relación final a notificación de resolución de expedientes de danos, de conformidade co disposto nos artigos 59.4 da Lei 30/1992, do 26 de novembro, de réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común, (BOE 27.11.1999), segundo redacción dada pola Lei 4/1999, que a modifica (BOE do 14.1.1999) e co contido expresado no art. 61 deste texto legal, por entender esta Unidade de Estradas do Estado en Ourense que a publicación íntegra da notificación lesiona os dereitos ou intereses lexítimos dos ditos interesados, xa que unha vez intentada a notificación no último domicilio coñecido, esta non se puido practicar.

Esta resolución esgota a vía administrativa, polo que se pode interpoñer contra ela, potestativamente, recurso de reposición no prazo dun mes contado a partir da publicación deste anuncio no BOP ou desde o último día de exhibición no taboleiro de edictos do concello onde radique o último enderezo coñecido, se fora posterior, ante este servizo ou recurso contencioso-administrativo ante o Tribunal Superior de Xustiza da



Comunidade Autónoma de Galicia, no prazo de dous meses contados a partir da publicación deste anuncio no BOP ou desde o último día de exhibición no taboleiro de edictos do concello onde radique o último enderezo coñecido, se fora posterior.

Infórmase, así mesmo, que ten á súa disposición o expediente na Unidade de Estradas do Estado en Ourense, r/ Sáenz Díez, n.º 1-2º, 32001 - Ourense.

Relación de suxeitos notificados.

Interesados; acto administrativo; expedientes.

Gutiérrez Chico, Juan Luis; Palos de la Frontera, 23 bloque 1, 28045 Madrid; notificación; D322008/0054.

Serrano García, Pedro; Hoyelo, 3, 28007-Madrid; notificación; D322008/0065.

Mojón Pérez, Lorena; Albacete, 16-B, 11203- Alxeciras (Cádiz); notificación; D322008/0013.

O xefe da Unidade de Estradas. Asdo.: Adolfo Güel Cancela.

## Secretaría de Estado de Infraestructuras

### Dirección General de Carreteras

#### Demarcación de Carreteras del Estado en Galicia

##### Unidad de Ourense

Resolución de la Unidad de Carreteras del Estado en Ourense sobre notificación de actos administrativos en expedientes de daños.

Se comunica a los interesados señalados en la relación final la notificación de resolución de expedientes de daños, de conformidad con lo dispuesto en los artículos 59.4 de la Ley 30/1992, de 26 de noviembre, de régimen jurídico de las administraciones públicas y del procedimiento administrativo común, (BOE 27.11.1999), según redacción dada por la Ley 4/1999, que la modifica (BOE de 14.1.1999) y con el contenido expresado en el artículo 61 de este texto legal por entender esta Unidad de Carreteras del Estado en Ourense, que la publicación íntegra de la notificación lesiona los derechos o intereses legítimos de dichos interesados, ya que una vez intentada la notificación en su último domicilio conocido, esta no se ha podido practicar.

Esta resolución agota la vía administrativa, por lo que se puede interponer contra ella potestativamente, recurso de reposición en el plazo de un mes contado a partir de la publicación de este anuncio en el BOP o desde el último día de exhibición en el tablón de edictos del ayuntamiento donde radique el último domicilio conocido, si fuese posterior, ante este servicio o recurso contencioso-administrativo ante el Tribunal Superior de Justicia de la Comunidad Autónoma de Galicia en el plazo de dos meses contados a partir de la publicación de este anuncio en el BOP o desde el último día de exhibición en el tablón de edictos del ayuntamiento donde radique el último domicilio conocido, si fuese posterior.

Se informa asimismo que tiene a su disposición el expediente en la Unidad de Carreteras del Estado en Ourense, r/ Sáenz Díez, n.º 1-2º, 32001 - Ourense.

Relación de sujetos notificados.

Interesados; acto administrativo; expedientes.

Gutiérrez Chico, Juan Luis; Palos de la Frontera, 23 bloque 1, 28045 Madrid; notificación; D322008/0054.

Serrano García, Pedro; Hoyelo, 3, 28007-Madrid; notificación; D322008/0065.

Mojón Pérez, Lorena, Albacete, 16-B, 11203- Algeciras (Cádiz); notificación; D322008/0013.

El jefe de la Unidad de Carreteras. Fdo.: Adolfo Güel Cancela.

R. 1.535

## IV. ENTIDADES LOCAIS

### IV. ENTIDADES LOCALES

#### Maside

Logo de transcorre-lo prazo de información pública da Ordenanza municipal reguladora do servizo de axuda no fogar do Concello de Maside, ó non presentaren reclamacións ou suxestións dentro do dito prazo, enténdese elevado a definitivo o acordo adoptado polo Concello en Pleno en sesión que tivo lugar o día 2 de febreiro de 2009, de conformidade co disposto no art. 49 da Lei 7/1985, do 2 abril, de bases de réxime local, procedéndose á publicación do texto definitivo.

Contra a aprobación definitiva da anterior ordenanza cabe interpoñer recurso contencioso-administrativo ante o Tribunal Superior de Xustiza de Galicia no prazo de dous meses, contados a partir da data de publicación íntegra da ordenanza no BOP.

Maside, 26 de marzo de 2009. O alcalde.

Asdo.: Celso Fernández López.

Ordenanza reguladora do servizo de axuda no fogar do Concello de Maside

#### Capítulo I: Disposicións xerais.

##### Artigo 1: Fundamentación e obxecto.

O obxecto deste regulamento é a adaptación do servizo municipal de axuda no fogar ás novas necesidades propostas na Lei 39/2006, do 14 de decembro, de promoción da autonomía persoal e atención ás persoas dependentes pero respectando o establecido con anterioridade na Lei 4/1993, do 14 de abril, de servizos sociais que regula os aspectos básicos dos servizos sociais en canto ó sistema integrado e servizo público da Comunidade Autónoma de Galicia; o Decreto 240/1995, do 28 de xullo, que regula os servizos sociais de atención primaria de forma que se garanta a atención básica e xeneralizada na totalidade do territorio autonómico cuns contidos mínimos na prestación dos servizos a tódolos cidadáns; e a Orde do 22 de xullo de 1996 da Consellería de Sanidade e Servizos Sociais pola que se regula o servizo de axuda no fogar.

O Concello de Maside ata a actualidade non contaba cunha ordenanza propia que regulase o servizo de axuda no fogar, rexéndose pola Ordenanza reguladora do servizo de axuda no fogar aprobada en pleno o 3 de marzo do 2000 pola Mancomunidade de Concellos do Carballiño da que formou parte ata o 31 de decembro de 2008, polo que se considera necesaria a aprobación desta en función dos cambios que a Lei 39/2006, de promoción da autonomía persoal e atención ás persoas dependentes establece.

##### Artigo 2: Definición e obxectivo.

O Servizo de axuda no fogar ten por obxecto prestar un conxunto de atencións ás persoas no seu domicilio, dende unha perspectiva integral e normalizadora naquelas situacións nas que teña limitada a súa autonomía persoal ou nos casos de desestruturación familiar, facilitando a permanencia no seu propio medio de convivencia favorecendo a súa calidade de vida e evitando ou retardando a súa posible institucionalización.

O servizo de axuda no fogar ofrece un conxunto de atencións de carácter persoal, doméstico, socioeducativo e preventivo, que deberán ser conformes coa valoración técnica realizada polos Servizos Sociais de Atención Primaria.

Os coidados e atencións serán realizados por persoal cualificado e con supervisión técnica directa por parte dos Servizos Sociais de Atención Primaria do Concello de Maside ou a entidade prestadora do servizo se fora o caso.





### Artigo 3: Contido do servizo.

As atencións prestadas dende o Servizo de Axuda no Fogar terán un carácter complementario e non substitutivo das propias capacidades da persoa usuaria ou doutras persoas do seu medio inmediato de maneira que se facilite e promova a súa autonomía e non a dependencia.

- Atencións de carácter persoal: aquelas que van dirixidas especificamente ó/a usuario/a cando este non poida realízalas por si mesmo ou precise de apoio para levalas a cabo:

\* Apoio e asistencia para levantarse e deitarse; para hixiene persoal, vestirse e asearse, para cambios posturais, mobilizacións, orientación espazo-temporal, apoio a persoas afectadas por problemas de incontinencia, supervisión de medicación simple e pequenas curas.

\* Actividades de acompañamento, integración social, desenvolvemento de hábitos saudables e actividades de ocio.

- De carácter doméstico e da vivenda:

\* Limpeza do fogar limitada a tarefas de limpeza cotiá.

\* Compra de alimentos e outros produtos de uso común.

\* Elaboración de comidas axeitadas ó estado, condicións e necesidades do usuario/a.

\* Lavado e coidado de roupa.

Como norma xeral non se realizarán os labores de: lavado de roupa a man, limpeza de portais e escaleiras exteriores ou comunitarias, limpeza de cristais, limpeza de paredes e teitos, labores de xardín e horta e alimentación e aseo de animais.

As tarefas de limpeza quedan reservadas unicamente ás dependencias ou habitacións empregadas usualmente polo usuario/a (normalmente cociña, baño e dormitorio). Excepcionalmente realízanse este tipo de tarefas, previa valoración da situación polo traballador/a social dos Servizos Sociais do Concello de Maside.

- De carácter psicosocial e educativo: intervencións técnico-profesionais, formativas e de apoio ó desenvolvemento das capacidades persoais, afectividade, convivencia e a integración na comunidade onde se desenvolva a vida do usuario/a, así como o apoio á estruturación familiar:

\* Asesoramento e formación de pais.

\* Apoio da relación co contorno.

\* Administración da economía doméstica.

\* Apoio e orientación nos cambios da dinámica familiar.

- De carácter técnico e complementario: xestións ou actuacións que poidan ser necesarias para poñer en funcionamento o servizo ou para a súa continuidade en condicións axeitadas, sempre que supoñan un apoio á non institucionalización.

\* Teleasistencia, xantar na casa, fisioterapia e podoloxía a domicilio, lavandería a domicilio ou calquera outra dispoñible no Concello de Maside que sexa valorada tecnicamente axeitada.

### Artigo 4: Beneficiarios/as.

O servizo de axuda no fogar estará aberto a tódalas persoas ou unidades familiares de convivencia do Concello de Maside para as que, despois da valoración técnica correspondente, supoña un recurso idóneo de atención. Con carácter prioritario, estará dirixido ás persoas que teñan un dereito recoñecido de atención dentro do sistema de autonomía e atención á dependencia.

Con carácter xeral, os usuarios serán:

- Persoas maiores con minusvalía ou con dificultades por convalencia ou enfermidade, para os que este servizo poida significar a súa continuidade no fogar cubrindo as súas necesidades básicas.

- Familias con persoas maiores, minusválidos ou enfermos crónicos que precisen de axuda para atendelos.

- Familias con menores ós que hai que coidar e atender por ausencia dos pais ou titores ou por outras circunstancias que afecten ós cuidadores suficientemente xustificadas.

- Familias que presenten disfuncións, con problemas de estruturación familiar, problemas de relacións, sempre en colaboración co programa de Educación Familiar.

- Calquera outra situación de emerxencia que xurda e sexa valorada como tal polo traballador/a social dos Servizos Sociais do Concello de Maside.

### Artigo 5: Dereitos e deberes dos beneficiarios/as.

Son dereitos dos beneficiarios/as:

As persoas usuarias do servizo, ademais dos dereitos que con carácter xeral se lle recoñecen no artigo 36 da Lei 4/1993, de servizos sociais, terán dereito:

- Á permanente información sobre o estado de tramitación da súa solicitude, así como calquera outro aspecto que leve consigo a modificación do servizo.

- A seren tratados/as con respecto, puntualidade e eficacia por parte do persoal do servizo.

- A coñecer-la organización e o regulamento do servizo.

- A acceder ó servizo e recibir asistencia sen discriminación por razón de sexo, raza, relixión, ideoloxía ou calquera outra condición social ou persoal.

- Ó tratamento confidencial dos seus datos de acordo co disposto na Lei orgánica 15/1999, do 13 de decembro, de protección de datos de carácter persoal.

- A recibir unha atención adaptada ás súas necesidades conforme á concesión do servizo coa calidade e duración prescritas en cada caso.

- A deixar-lo servizo por vontade propia.

- A presentar queixas e suxestións ó persoal coordinador do servizo e a face-las reclamacións correspondentes.

Son deberes dos/as beneficiarios/as:

As persoas usuarias do servizo, ademais dos deberes que con carácter xeral se contemplan no artigo 37 da Lei 4/1993, de servizos sociais, terán os seguintes dereitos:

- Facilita-la execución das tarefas tanto ó persoal que atende o servizo como ó resto de profesionais relacionados coa prestación do servizo de axuda no fogar, así como poñer á súa disposición os materiais axeitados e precisos para a realización das tarefas asignadas.

- Informar dos cambios de calquera circunstancia persoal, familiar ou económica que puidese dar lugar á modificación, suspensión, ou extinción na prestación do servizo.

- Comunicar con dez días de antelación calquera ausencia temporal do domicilio que puidese impedir-la prestación do servizo.

- Satisfacer puntualmente as contribucións económicas derivadas da prestación do servizo.

- Facilita-la documentación requirida no prazo sinalado polos Servizos Sociais de Atención Primaria do Concello de Maside.

- Colaborar no desenvolvemento do servizo na medida das súas capacidades, favorecendo a súa autonomía persoal.

- Respecta-la dignidade persoal e profesional do persoal que realiza o servizo, así como respecta-los límites das súas obrigas laborais.

- Non se permitirán cambios nos horarios ou nas tarefas sen previa consulta e autorización do/a traballador/a social de atención primaria.

### Artigo 6: Persoal relacionado co servizo e funcións.

- Traballador/a social de atención primaria, as súas funcións serán:

\* Programación xeral do servizo.

\* Difusión do servizo.

\* Recepción de solicitudes.





- \* Avaliación de necesidades.
- \* Proposta de concesión ou denegación.
- \* Coordinación do persoal que intervéñen no caso.
- \* Elaboración do plan de formación continua do persoal.
- \* Procura de financiamento.
- \* Avaliación e modificación do servizo.
- Auxiliares de axuda no fogar, as súas funcións e obrigas serán:
  - \* Levar a cabo as tarefas establecidas no plan de traballo.
  - \* Colaboración co/a traballador/a social no seguimento e avaliación.
  - \* Non se levarán a cabo modificacións de horarios nin de tarefas sen previa comunicación e autorización do/a traballador/a social de atención primaria.
  - \* Participar no plan de formación continua do departamento de Servizos Sociais.
  - \* En caso de ausencia ó traballo deberán comunicalo con antelación ó/á responsable do servizo, previa autorización do xefe/a de persoal.
  - \* Non se acudirá ó domicilio en compañía de persoas alleas ó servizo.
  - \* Non se permanecerá no domicilio en ausencia do beneficiario/a do servizo.
  - \* Non se aceptarán chaves do domicilio salvo nos casos excepcionais que así foran valorados polo responsable do servizo.
  - Outros profesionais: educador/a familiar, psicólogo/a, podólogo/a, fisioterapeuta, animador/a sociocultural, persoal sanitario, entre outros, levando a cabo as funcións específicas segundo o plan de traballo establecido.
  - Voluntariado:
    - \* Acompañamento dentro e fóra do domicilio.
    - \* Realización de xestións fóra do domicilio.
    - \* Reforzo escolar.
    - \* Actividades de ocio.
    - \* Calquera actividade acordada polo/a profesional responsable do servizo.

## Capítulo II: Da prestación do servizo

### Artigo 7: Requisitos xerais.

Para ser beneficiario/a do servizo de axuda no fogar:

- Estar empadroado e ter residencia efectiva no Concello de Maside.

- Presentación da solicitude e toda a documentación requirida.

- Acredita-la situación de necesidade de acordo co establecido no artigo 2 deste regulamento, que será en todo caso valorado polo traballador/a social de atención primaria a través do correspondente informe social e aplicación dos baremos.

- Asina-lo contrato de aceptación do servizo, no cal, o futuro beneficiario/a comprométese a acepta-las condicións acordadas incluído o pagamento das cotas económicas que lle correspondan en cada caso.

- Nos casos de persoas dependentes valoradas, resolución do PIA.

### Artigo 8: Presentación das solicitudes.

Para acceder ó servizo de axuda no fogar precisarase que a solicitude sexa presentada no rexistro do Concello de Maside segundo o modelo establecido, así como, achegando a seguinte documentación:

- Fotocopia do DNI, Pasaporte ou NIE do solicitante.
- Fotocopia do DNI, Pasaporte ou NIE das persoas que conforman o núcleo de convivencia.
- Tarxeta da Seguridade Social.
- Libro de familia, se fora preciso.
- Certificado de empadramento e convivencia.

- Xustificante dos ingresos da unidade de convivencia, ben sexa nóminas, certificado de pensións, e xustificante da situación de desemprego e copia da última declaración de renda ou certificación negativa, se fora o caso. Nos casos en que non fose posible achega-la dita documentación acreditativa, asinase unha declaración xurada dos ingresos.

- Xustificante de pago de alugamento ou xustificante da hipoteca ou calquera outro gasto extraordinario que sexa xustificado documentalmente.

- Certificado do número de conta bancario nos casos en que o usuario/a teña que satisfacer-la cota correspondente.

- Informe médico.

- Informe social emitido polo traballador/a social de atención primaria trala realización da visita domiciliaria.

- Certificado de minusvalía, se é o caso.

- Para persoas dependentes valoradas, certificado da valoración do grao e nivel de dependencia.

- Calquera outro documento que se considere oportuno para a tramitación das solicitudes.

### Artigo 9: Tramitación das solicitudes.

Unha vez completo o expediente, efectuarase a comprobación dos datos e circunstancias sociais a través da visita domiciliaria e calquera outra documentación ou actuación que se estime oportuna. Como resultado, elaborárase un informe social-proposta, que deberá recoller en cada caso:

- Proposta de concesión ou denegación.

- Causas da denegación, se é o caso.

- Tarefas para realizar.

- Horario, duración e intensidade do servizo.

- Achega económica do/a usuario/a ou familia.

- Data de alta no servizo.

- Calquera outra observación que se estime oportuna.

A resolución, ben de concesión ou denegación, é competencia do alcalde do Concello de Maside, previo informe dos Servizos Sociais. Notificaráselle ó/á interesado/a por escrito a resolución e as condicións do servizo.

Será necesaria a aceptación por escrito das condicións do servizo por parte do/a usuario/a e do traballador/a social de atención primaria.

Poderanse tramitar como urxentes aqueles casos valorados previamente como tales no informe de valoración emitido polo traballador/a social de atención primaria. Nestes casos, poderase iniciar-lo servizo aínda que o expediente estea incompleto.

Nos casos en que se comprobe que o servizo de axuda no fogar é insuficiente e o usuario/a se atope nunha situación de desatención ou desamparo, ben pola inexistencia de familia ou, se tendo familia, esta non se faga responsable dos seus coidados, procederase a poñelo en coñecemento da autoridade xudicial competente.

### Artigo 10: Criterios para as concesións.

Os criterios para ter en conta para a concesión do servizo de axuda no fogar por libre concorrência basearase nos baremos que se xuntan como anexos e que contemplan aspectos como:

- Autonomía persoal para a realización das actividades da vida cotiá, puntuando nivel de dependencia ou necesidades derivadas de enfermidade física ou mental e a idade.

- Situación sociofamiliar, establecendo graos en que a familia ou persoas do contorno axuden ou poidan axudar ó/á usuario/a.

- Situación socioeconómica de unidade de convivencia, tomando como base os ingresos da unidade de convivencia e descontándose os gastos de alugamento ou amortización da vivenda e calquera outro gasto extraordinario debidamente acreditado.



- Outros factores específicos como a localización, estado e equipamento da vivenda, grao de integración social.

Nos casos de persoas valorados como dependentes serán necesaria a resolución do proxecto individualizado de atención (en diante PIA) no que se especifique o número de horas concedidas. Posteriormente, elaborárase o plan de coidados en función das necesidades do usuario/a.

Artigo 11: Revisións dos beneficiarios/as.

Dende os Servizos Sociais realizarase un seguimento con carácter bimensual no que se constatará a continuidade ou variación das circunstancias que motivaron a concesión do servizo, do grao de cumprimento das tarefas asignadas á auxiliar, así como a colaboración do beneficiario/a ou da rede de apoio.

Cando existan dúbidas razoables de que puido haber variacións nas circunstancias persoais, familiares, económicas ou de calquera outra índole, que poidan supo-la modificación ou baixa do servizo, e non fora comunicado polo interesado/a ou familiar responsable, poderase, en todo caso, requirir-la documentación que se considere oportuna para a comprobación da dita situación. Neste período poderase proceder a unha suspensión cautelar mentres non se achegue a documentación requirida ou non se presente o/a interesado/a ou familiar responsable.

En caso de necesidades de orzamento ou do propio servizo de axuda no fogar poderase proceder a unha modificación no número de horas concedidas a cada beneficiario, que deberá ser notificado ó/a interesado/a cunha antelación mínima de 1 mes.

Artigo 12: Causas de extinción e suspensión temporal do servizo.

Serán causas de extinción do servizo de axuda no fogar as seguintes:

- A renuncia por escrito do usuario/a.
- Traslado definitivo da súa residencia a outro concello.
- Falecemento do usuario/a.
- Incumprimento das condicións establecidas no contrato de prestación do servizo.
- Falta reiterada do pagamento do servizo.
- Falta de colaboración do/a usuario/a ou familia para acadar os obxectivos fixados.
- Ingreso en centro residencial.
- Desaparición das causas que motivaron o servizo.
- Cambio do PIA ou do proxecto de invención que leve consigo un cambio de recurso e a súa incompatibilidade co servizo de axuda no fogar.

- Cando o Concello de Maside non poida seguir prestando o servizo por dificultades de financiamento ou outras.

Serán causas de suspensión temporal do servizo de axuda no fogar as seguintes:

- Ausencia temporal do domicilio durante un período non superior a tres meses, sempre e cando se acrediten as causas que motivan a ausencia.
- Estancia temporal no domicilio de familiares que poidan levar a cabo as tarefas obxecto do servizo.

Para proceder á suspensión, extinción ou modificación do servizo, o traballador/a social correspondente emitirá un informe coa proposta axeitada que será resolto polo alcalde ou persoa en quen delegue. Esta seralle notificada por escrito ó/a interesado/a e conterá necesariamente a motivación da dita resolución.

Artigo 13: Normas de tempo do servizo.

Establécese como horario de prestación do servizo de luns a venres entre as 8.00 e as 20.00 horas, quedando excluídas as fins de semana, festivos e horarios nocturnos, salvo nos casos excepcionais, que así se estimen previa elaboración do informe técnico favorable, nos que os horarios se adaptarán ás necesidades do/a usuario/a.

Como norma xeral, o número máximo de horas de servizo para cada usuario/a será de 10 horas semanais, e mínimo de 1 hora semanal, podendo realizar modificacións con base nas necesidades do caso e segundo o criterio profesional do/a traballador/a social.

Para aquelas persoas atendidas no marco do sistema de autonomía persoas e atención á dependencia, a intensidade do servizo estará predeterminada no seu PIA. A súa aplicación horaria será flexible e conforme co proxecto de intervención, garantindo a cobertura das necesidades de atención de carácter persoal na realización das actividades básicas da vida diaria.

Durante a prestación do servizo poderanse levar a cabo cambios tanto de auxiliar, como de horario con base a boa organización do servizo e a dispoñibilidade de medios do Servizo de Axuda no Fogar.

Capítulo III: Do financiamento do servizo

Artigo 14: Financiamento.

O servizo de axuda no fogar financiarase con cargo ós orzamentos municipais, ás achegas procedentes doutras administracións e ás achegas dos usuarios. Os/As usuarios/as colaborarán na medida das súas posibilidades con base nos criterios establecidos nesta ordenanza, que poderán ir dende a gratuidade ó pagamento total.

Artigo 15: Pagamento de cotas.

As achegas correspondentes de cada usuario/a faranse dentro dos 10 primeiros días naturais do mes seguinte ó da realización do servizo, a través de cargo na conta corrente ou cartilla de aforro do solicitante ou familiar responsable.

Os usuarios/as colaborarán en función das súas posibilidades clasificándose en distintos grupos: os exentos de pagamento, os de pagamento porcentual e os de pagamento total.

Para a aplicación das tarifas establécese o prezo do servizo por hora en 10 €, o cal será revisable cada ano segundo o IPC.

A aplicación das tarifas farase tendo en conta a media das rendas da unidade de convivencia, descontando gastos de alugamento da vivenda, hipotecas e calquera outro gasto extraordinario xustificado e acreditado debidamente polos membros da unidade de convivencia.

Baremo económico

Ata o 80% IPREM; Gratuíto

Do 80% do IPREM + 0,01 ó 100%; 10%

Do 100% do IPREM + 0,01 ó 120%; 20 %

Do 120% do IPREM + 0,01 ó 140%; 30%

Do 140% do IPREM + 0,01 ó 160%; 40%

Do 160% do IPREM + 0,01 ó 180%; 50%

Do 180% do IPREM + 0,01 ó 200%; 60%

Do 200% do IPREM + 0,01 ó 220%; 70%

Do 220% do IPREM + 0,01 ó 240%; 80%

Do 240% do IPREM + 0,01 ó 260%; 90%

Máis do 260%+ 0,01 do IPREM; 100%

Soporte documental (anexos)

Anexo I: Baremos.

Anexo II: Impreso de solicitude do servizo.

Anexo III: Informe de valoración social, económico e familiar.

Anexo IV: Informe médico.

Anexo V: Declaración xurada de ingresos.

Anexo VI: Autorización bancaria.

Anexo VII: Proxecto de intervención.

Anexo VIII: Proposta de resolución.

Anexo IX: Contrato entre o Concello e o/a usuario/a.

Anexo X: Impreso de solicitude de baixa voluntaria do servizo.

Disposición final.

Este regulamento comezará a aplicarse a partir da publicación definitiva no BOP, permanecendo vixente ata a súa modificación ou derogación expresa.



## Anexo I: Baremos

## Idade:

|                    |           |
|--------------------|-----------|
| Menor de 65 anos   | 1 punto   |
| Entre 65 e 70 anos | 2 puntos. |
| Entre 71 e 75 anos | 3 puntos. |
| Entre 76 e 80 anos | 4 puntos. |
| Entre 81 e 85 anos | 5 puntos. |
| Máis de 85 anos    | 7 puntos. |

## Discapacidade:

|                |           |
|----------------|-----------|
| Do 33% ó 64%   | 1 punto   |
| De 65% a 74%   | 2 puntos. |
| Superior a 75% | 3 puntos. |

## Valoración da autonomía persoal:

## - Persoas independentes con algunha limitación:

|                                                  |         |
|--------------------------------------------------|---------|
| Alimentarse só, sen axuda                        | 1 punto |
| Non recibe axuda no baño                         | 1 punto |
| Escolle a súa roupa e calzado, vístese sen axuda | 1 punto |
| Manéxase só no uso do retrete                    | 1 punto |
| Control total de esfínteres                      | 1 punto |
| Camiña só, con muletas ou bastóns                | 1 punto |
| Deitase e erguese da cama só                     | 1 punto |
| Sobe e baixa escaleiras só                       | 1 punto |

## - Persoas que presentan algunha dificultade e precisan axuda ou supervisión para as ABVD:

|                                                                 |           |
|-----------------------------------------------------------------|-----------|
| Alimentase só, con axuda para a utilización dos cubertos        | 2 puntos. |
| Precisa algo de axuda para realiza-la súa hixiene persoal       | 2 puntos. |
| Escolle a roupa pero precisa axuda para poñer calzado ou medias | 2 puntos. |
| Precisa axuda parcial ou supervisión para uso do retrete        | 2 puntos. |
| Incontinencia ocasional ou temporal de esfínteres               | 2 puntos. |
| Camiña con axuda parcial ou supervisión                         | 2 puntos. |
| Déitase e érguese con axuda                                     | 2 puntos. |
| Sobe e baixa escaleiras con axuda                               | 2 puntos. |

## - Persoas con grandes dificultades que non poden realizar ABVD por si soas:

|                                                    |           |
|----------------------------------------------------|-----------|
| Necesita ser alimentado                            | 3 puntos. |
| Non é capaz de asearse só                          | 3 puntos. |
| Precisa que o vistan e calcen                      | 3 puntos. |
| Incapaz de facer uso do retrete                    | 3 puntos. |
| Incontinencia total de esfínteres                  | 3 puntos. |
| Precisa axuda total para desprazarse e mobilizarse | 3 puntos. |

## Situación familiar:

|                                                                                                                                 |               |
|---------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------|---------------|
| A persoa vive soa e carece de familiares ou redes distintas de apoio                                                            | 20 puntos     |
| Familias monoparentais que por distintas circunstancias (saúde, traballo, idade avanzada, ...) non poidan atender ós/ás menores | 20 puntos     |
| A persoa vive soa, carece de familiares e só ten apoio do contorno veciñal ou outras redes                                      | 18 puntos     |
| A persoa convive cunha persoa sen capacidade para atendelo (ata 12 puntos):                                                     |               |
| Cunha persoa maior de 70 anos                                                                                                   | 3 puntos.     |
| Cunha persoa con discapacidade ou dependencia                                                                                   | 3 puntos.     |
| Cunha persoa que carece de tempo (cargas laborais ou menores)                                                                   | -----3 puntos |
| Con incapacidade para organizarse por falta compromiso, excesiva carga ou falta de organización                                 | 3 puntos      |
| Os familiares néganse a atendelo aínda que teñan posibilidades                                                                  | 8 puntos      |
| Vive só pero hai familiares con posibilidades de atendelo no mesmo concello ou a menos de 30 km                                 | 5 puntos      |
| Está ben atendido                                                                                                               | 0 puntos      |



## Situación da vivenda:

Vivenda que non reúne as condicións mínimas de habitabilidade e hixiénico-sanitarias (ata 18 puntos):

|                                                                                                                       |           |
|-----------------------------------------------------------------------------------------------------------------------|-----------|
| Non hai luz eléctrica                                                                                                 | 2 puntos  |
| Non hai auga corrente                                                                                                 | 2 puntos  |
| Non posúe WC                                                                                                          | 2 puntos  |
| Non posúe cuarto de baño completo                                                                                     | 2 puntos  |
| Non ten neveira                                                                                                       | 2 puntos  |
| Non ten quentador de auga                                                                                             | 2 puntos  |
| Non ten lavadora                                                                                                      | 2 puntos  |
| Non ten calefacción, radiadores                                                                                       | 2 puntos  |
| Non reúne condicións mínimas de hixiene/habitabilidade                                                                | 2 puntos  |
| Vivenda illada                                                                                                        | 10 puntos |
| Vivenda que forma parte dun núcleo de poboación illado do núcleo de poboación con equipamentos e servizos suficientes | 10 puntos |
| Vivenda que forma parte dun núcleo con equipamentos e servizos suficientes                                            | 2 puntos  |
| Con barreiras arquitectónicas no interior da vivenda                                                                  | 3 puntos  |
| Con barreiras arquitectónicas no exterior da vivenda                                                                  | 3 puntos  |

## Situación social:

|                                                    |           |
|----------------------------------------------------|-----------|
| Situación de illamento ou rexeitamento             | 10 puntos |
| Ausencia de relacións sociais                      | 6 puntos  |
| Existen escasas relacións coas persoas de contorno | 4 puntos  |
| Integración axeitada                               | 0 puntos  |

## Situación económica:

- Unidades familiares dunha persoa:

|                                |           |
|--------------------------------|-----------|
| Ata o 75% do IPREM             | 15 puntos |
| Do 75% do IPREM + 0,01 ó 100%  | 10 puntos |
| Do 100% do IPREM + 0,01 ó 125% | 5 puntos  |
| Do 125% do IPREM + 0,01 ó 150% | 3 puntos  |
| Do 150% do IPREM + 0,01 ó 175% | 1 punto   |
| Máis do 175% do IPREM          | 0 puntos  |

- Unidades familiares de 2 ou máis persoas:

|                                |           |
|--------------------------------|-----------|
| Ata o 75% do IPREM             | 15 puntos |
| Do 75% do IPREM + 0,01 ó 100%  | 10 puntos |
| Do 100% do IPREM + 0,01 ó 125% | 3 puntos  |
| Do 125% do IPREM + 0,01 ó 150% | 1 punto   |
| Máis do 150% do IPREM          | 0 puntos  |





---

**Anexo II: Impreso de solicitude do servizo de axuda no fogar**

---

Don/ Dona \_\_\_\_\_

Con DNI \_\_\_\_\_ Idade \_\_\_\_\_ Estado civil \_\_\_\_\_

Enderezo en \_\_\_\_\_ Teléfono \_\_\_\_\_

Solicita

A valoración do seu caso para a prestación do servizo de axuda no fogar, conforme á normativa municipal que regula este servizo.

Maside, \_\_\_\_\_ de \_\_\_\_\_ de 20 \_\_\_\_

Asdo.:

Sr. alcalde do Concello de Maside



## Anexo III: Informe de valoración social, económico e familiar

Solicitante:

Baremo da necesidade:

Criterios de baremación

1. Idade:

- 1 punto \_\_\_\_\_ Menor de 65 anos  
 2 puntos \_\_\_\_\_ Entre 65 e 70 anos  
 3 puntos \_\_\_\_\_ Entre 71 e 75 anos  
 4 puntos \_\_\_\_\_ Entre 76 e 80 anos  
 5 puntos \_\_\_\_\_ Entre 81 e 85 anos  
 7 puntos \_\_\_\_\_ Máis de 85 anos

2. Discapacidade:

- 1 punto \_\_\_\_\_ Do 33% ó 64%  
 2 puntos \_\_\_\_\_ Do 65% ó 74%  
 3 puntos \_\_\_\_\_ Superior ó 75%

3. Integración social:

- 10 puntos \_\_\_\_\_ Situación de illamento ou rexeitamento  
 6 puntos \_\_\_\_\_ Ausencia de relacións sociais  
 4 puntos \_\_\_\_\_ Existen escasas relacións coas persoas do contorno  
 0 puntos \_\_\_\_\_ Integración axeitada

4. Saúde:

A.- Persoas que presentan algunha dificultade e precisan axuda ou supervisión para as ABVD:

- 1 punto \_\_\_\_\_ Aliméntase só, sen axuda  
 1 punto \_\_\_\_\_ Non recibe axuda no baño  
 1 punto \_\_\_\_\_ Escolle a súa roupa e calzado e vístese se axuda  
 1 punto \_\_\_\_\_ Manéxase só para o uso do retrete  
 1 punto \_\_\_\_\_ Control total de esfínteres  
 1 punto \_\_\_\_\_ Camiña só, con muletas ou bastóns  
 1 punto \_\_\_\_\_ Déitase e érguese da cama só  
 1 punto \_\_\_\_\_ Sobe e baixa escaleiras só

B.- Persoas independentes con algunha limitación:

- 2 puntos \_\_\_\_\_ Aliméntase só, con axuda para a utilización de cubertos  
 2 puntos \_\_\_\_\_ Precisa algo de axuda para realizar a súa hixiene persoal  
 2 puntos \_\_\_\_\_ Escolle a roupa pero precisa axuda para pó-lo calzado ou pór medias  
 2 puntos \_\_\_\_\_ Precisa axuda parcial ou supervisión para o uso do retrete  
 2 puntos \_\_\_\_\_ Incontinencia ocasional ou temporal de esfínteres  
 2 puntos \_\_\_\_\_ Camiña con axuda parcial ou supervisión  
 2 puntos \_\_\_\_\_ Déitase e érguese con axuda  
 2 puntos \_\_\_\_\_ Sobe e baixa escaleiras con axuda

C.- Persoas con grandes dificultades que non poden realizar ABVD por si soas:

- 3 puntos \_\_\_\_\_ Necesita de ser alimentado  
 3 puntos \_\_\_\_\_ Non é capaz de asearse so  
 3 puntos \_\_\_\_\_ Precisa que o vistan e calcen  
 3 puntos \_\_\_\_\_ Incapaz de facer uso do retrete  
 3 puntos \_\_\_\_\_ Incontinencia total de esfínteres  
 3 puntos \_\_\_\_\_ Precisa axuda total para desprazarse e mobilizarse

**5. Situación familiar:**

- 20 puntos \_\_\_\_\_ Persoa que vive soa e carece de familiares ou redes distintas de apoio.
- 20 puntos \_\_\_\_\_ Familias monoparentais que por distintas circunstancias (saúde, traballo, idade avanzada, ...) non poidan atenderlos menores.
- 18 puntos \_\_\_\_\_ A persoa vive soa, carece de familiares e só ten apoio do contorno veciñal ou outras redes.
- 12 puntos \_\_\_\_\_ A persoa convive cunha persoa sen capacidade para atendelo (ata 12 puntos)
- 8 puntos \_\_\_\_\_ Os familiares néganse a atendelo aínda que teñan posibilidades
- 5 puntos \_\_\_\_\_ Vive só pero hai familiares con posibilidades de atendelo no mesmo concello ou a menos de 30 km.
- 0 puntos \_\_\_\_\_ Está ben atendido

**6. Situación da vivenda:****A.- Vivenda que non reúne as condicións mínimas de habitabilidade e hixiénico-sanitarias (18 puntos):**

- 2 puntos \_\_\_\_\_ Non hai luz eléctrica
- 2 puntos \_\_\_\_\_ Non hai auga corrente
- 2 puntos \_\_\_\_\_ Non posúe WC
- 2 puntos \_\_\_\_\_ Non posúe cuarto de baño completo
- 2 puntos \_\_\_\_\_ Non ten neveira
- 2 puntos \_\_\_\_\_ Non ten calentador de auga
- 2 puntos \_\_\_\_\_ Non ten lavadora
- 2 puntos \_\_\_\_\_ Non ten calefacción, radiadores, ...
- 2 puntos \_\_\_\_\_ Non reúne condicións mínimas de hixiene/habitabilidade

**B.- Distancia da vivenda:**

- 10 puntos \_\_\_\_\_ Vivenda illada
- 6 puntos \_\_\_\_\_ Vivenda que forma parte dun núcleo de poboación illado do núcleo de poboación con equipamentos e servizos suficientes
- 2 puntos \_\_\_\_\_ Vivenda que forma parte dun núcleo con equipamentos e servizos suficientes

**C.- Existencia de barreiras arquitectónicas:**

- 3 puntos \_\_\_\_\_ Con barreiras arquitectónicas no interior da vivenda
- 3 puntos \_\_\_\_\_ Con barreiras arquitectónicas no exterior da vivenda

**7. Situación económica:****A.- Unidade familiar de unha soa persoa:**

- 15 puntos \_\_\_\_\_ Ata o 75% do IPREM
- 10 puntos \_\_\_\_\_ Do 75% do IPREM + 0,01 ó 100%
- 5 puntos \_\_\_\_\_ Do 100% do IPREM + 0,01 ó 125%
- 3 puntos \_\_\_\_\_ Do 125% do IPREM + 0,01 ó 150%
- 1 punto \_\_\_\_\_ Do 150% do IPREM + 0,01 ó 175%
- 0 puntos \_\_\_\_\_ Máis do 175% do IPREM

**B.- Unidade familiar de 2 ou máis persoas:**

- 15 puntos \_\_\_\_\_ Ata o 75% do IPREM
- 10 puntos \_\_\_\_\_ Do 75% do IPREM + 0,01 ó 100%
- 3 puntos \_\_\_\_\_ Do 100% do IPREM + 0,01 ó 125%
- 1 punto \_\_\_\_\_ Do 125% do IPREM + 0,01 ó 150%
- 0 puntos \_\_\_\_\_ Máis do 150% do IPREM



## Anexo IV: Informe médico

Recoñecemento efectuado por médico/a \_\_\_\_\_

Colexiado/a n.º \_\_\_\_\_ que presta o servizo no Centro de Saúde de \_\_\_\_\_.

Informa:

Que recoñecido/a don/dona \_\_\_\_\_

Valora que:

Marcar só unha opción.

## 1. Alimentación

Independente: pode comer por si só.

Con axuda: precisa axuda para utilizar cubertos, picar comida, etc.

Dependente: necesita ser alimentado.

## 2. Aseo persoal:

Independente: realiza só a hixiene persoal.

Con axuda: precisa axuda para a hixiene persoal

Dependente: non é capaz de realizar o aseo só

## 3. Vestido:

Independente: vístese e cálzase só.

Con axuda: precisa axuda parcial/supervisión para vestirse/calzarse.

Dependente: precisa que o vistan e o calcen

## 4. Uso do retrete:

Independente: manéxase só no uso do retrete.

Con axuda: precisa axuda parcial/supervisión para o uso do retrete.

Dependente: incapaz de facer uso do retrete.

## 5. Incontinencia:

Independente: control total de esfínteres.

Con axuda: incontinencia ocasional/temporal.

Dependente: incontinencia total.

## 6. Mobilidade:

Independente: camiña só, con muleta ou bastón; déitase e érguese da cama; sobe e baixa escaleiras.

Con axuda: precisa axuda parcial/supervisión para camiñar, deitarse ou erguerse ou subir e baixar escaleiras.

Dependente: precisa axuda total para desprazarse e mobilizarse.

## 7. Padece enfermidade infecciosa activa e contaxiosa

Si

Non

## 8. Padece enfermidade que require atención en centro hospitalario, atención continuada en residencia, centro de día,...

Si

Non

## 9. Presenta alteracións no comportamento que alteran a convivencia

Si

Non

Diagnóstico:

Tratamento actual:

Observacións:

Maside, \_\_\_\_ de \_\_\_\_\_ 200\_\_

Asdo.:





## Anexo V: Declaración jurada de ingresos

Don/Dona \_\_\_\_\_

Con DNI \_\_\_\_\_ Idade \_\_\_\_\_ Estado civil \_\_\_\_\_

E enderezo en \_\_\_\_\_ Teléfono \_\_\_\_\_

Declara

Que os ingresos que percibe ascenden a \_\_\_\_\_ euros/mes e que os do resto do núcleo familiar ascenden a \_\_\_\_\_ euros/mes

sumando un total de \_\_\_\_\_ euros/mes.

Os ingresos da unidade familiar detallados por persoa e concepto:

| Nome e apelidos | Parentesco | Contía | Procedencia |
|-----------------|------------|--------|-------------|
|                 |            |        |             |
|                 |            |        |             |
|                 |            |        |             |
|                 |            |        |             |
|                 |            |        |             |

Maside, \_\_\_\_\_ de \_\_\_\_\_ de 20\_\_\_\_.

Asdo.:



## Anexo VI: Autorización bancaria

A favor de:

|  |
|--|
|  |
|--|

En concepto de:

|  |
|--|
|  |
|--|

Datos da persoa beneficiaria do servizo de axuda no fogar:

| NIF | Nome e apelidos |
|-----|-----------------|
|     |                 |

Entidade bancaria:

|  |
|--|
|  |
|--|

Oficina:

|  |
|--|
|  |
|--|

Titular da conta:

| NIF | Nome e apelidos |
|-----|-----------------|
|     |                 |

Código conta cliente (20 díxitos):

| Entidade | Oficina | DC | Número de conta |
|----------|---------|----|-----------------|
|          |         |    |                 |

\_\_\_\_\_, \_\_\_\_\_ de \_\_\_\_\_ de 20\_\_\_\_.

(Selo da entidade)

O/A interesado/a



## Anexo VII: Proxecto de intervención

## 1. Datos de identificación do expediente:

|                      |                    |     |                          |              |
|----------------------|--------------------|-----|--------------------------|--------------|
| Expediente           | Data da solicitude |     | Data de inicio           |              |
|                      |                    |     |                          |              |
| Sector de referencia | Ámbito de atención |     | N.º total de usuarios/as |              |
|                      |                    |     |                          |              |
| Nome e apelidos      | Data de nacemento  | DNI | Sexo                     | Estado civil |
|                      |                    |     |                          |              |
| Proxecto             | Data do proxecto   |     | Data fin do proxecto     |              |
|                      |                    |     |                          |              |

Antecedentes de interese:

## 2. Atención para prestar:

## A) Días da semana e horas:

|      |        |          |       |        |        |         |
|------|--------|----------|-------|--------|--------|---------|
| Luns | Martes | Mércores | Xoves | Venres | Sábado | Domingo |
|      |        |          |       |        |        |         |

## B) Tipo de servizo para prestar:

Atencións domésticas  
 Actividades de acompañamento  
 Servizos e coidados de atención persoal  
 Acondicionamento da vivenda  
 Apoio social e educativo  
 Apoio á estruturación familiar  
 Apoios de carácter sociocomunitario  
 Outros, especificar:

## C) Profesionais:

Traballador/a social  
 Psicólogo/a  
 Educador/a  
 Auxiliar de axuda no fogar  
 Voluntariado  
 Animador sociocultural  
 Outros, especificar:

## 3. Outros servizos de axuda no fogar:

Existencia:

Servizos que presta:

N.º de horas semanais:

## 4. Obxectivos específicos e tarefas que se propoñen:

## A) Obxectivos:



## B) Tarefas:

- Suplencia ou colaboración na limpeza do fogar.
- Suplencia ou colaboración no lavado, pasa-lo ferro á roupa, ordenación e cosido, dentro do fogar.
- Suplencia ou colaboración na preparación de comidas.
- Axuda para o aseo persoal.
- Axuda para moverse no contorno (fóra e dentro do fogar).
- Adestramento nas habilidades sobre a organización doméstica.
- Orientar cara a pautas de conduta relacionadas con hábitos alimenticios.
- Axudar/apoiar e orientar nos tratamentos médicos (medicación e réximes alimenticios).
- Dar pautas de conduta que favorezan as relacións familiares.
- Acompañamento para visitas médicas e xestións.
- Acompañamento de día para evitar o illamento.
- Planificación da hixiene familiar.
- Formación en hábitos convivenciais (familia, contorno, etc...)
- Suplencia ou colaboración na realización de compras.
- Subministro a domicilio de alimentos preparados ou servizos análogos.
- Axuda persoal para aqueles usuarios/as que non poidan comer por si mesmos.
- Apoio nas actividades de ocio.
- Outros, especificar:

## 5. Proposta de seguimento bimensual:

| Data do seguimento | Incidencia/observacións |
|--------------------|-------------------------|
|                    |                         |

O/A traballador/a social

Asdo.:



## Anexo VIII: Proposta de resolución

## Decreto da Alcaldía:

Vista a petición formulada por don/dona \_\_\_\_\_ na que interesa o Programa de axuda no fogar , visto o informe dos Servizos Sociais, emítase informe de intervención sobre o particular.  
Maside, \_\_\_\_ de \_\_\_\_\_ de 20\_\_

O/a alcalde/a

Asdo.:

## Informe de Intervención:

Unha vez vista a petición, o informe e o decreto anterior, non existe ningún inconveniente en aproba-lo dito servizo, dado que existe consignación orzamentaria suficiente.

Maside, \_\_\_\_ de \_\_\_\_\_ de 20\_\_

O/A interventor/a

Asdo.:

## Decreto:

Á vista de todo o anterior procédase a presta-lo servizo de axuda no fogar a don/dona \_\_\_\_\_ a partir do \_\_\_\_ de \_\_\_\_\_ de 20\_\_.

O/A alcalde/a

Asdo.:





Anexo IX: Contrato entre o Concello de Maside e o/a usuario/a

Acordo de servizo

Reunidos en Maside o día \_\_\_\_ de \_\_\_\_ de 20\_\_ dunha parte don/dona \_\_\_\_\_,

DNI \_\_\_\_\_, e doutra \_\_\_\_\_

en calidade de técnico/a responsable do servizo de axuda no fogar do Concello de Maside,

Acordan

1. Que o Concello de Maside prestará o Servizo de Axuda no Fogar (SAF), á persoa arriba citada, dende o día \_\_\_\_ de \_\_\_\_ de 20\_\_.

2. Que a prestación do servizo de axuda no fogar se realizará por un prazo de \_\_\_\_\_, con posibilidade de prórroga segundo valoración técnica do departamento de Servizos Sociais.

3. Que o SAF se levará a cabo os días da semana \_\_\_\_\_, en horario de \_\_\_\_\_, por un total de \_\_\_\_\_ horas semanais.

4. Que atendendo á Orde do \_\_\_\_ de \_\_\_\_\_ que regula o servizo de axuda no fogar, a ordenanza fiscal municipal que regula as taxas do SAF, e á aplicación do baremo que corresponde, a persoa usuaria comprométese a achegar \_\_\_\_\_ euros mensuais como contribución ó custo do servizo.

5. Que a persoa usuaria acepta domicilia-lo aboamento da taxa do SAF establecido no punto 4, na entidade bancaria da súa elección, no número de conta autorizada para tal efecto.

6. Que, de acordo co proxecto de intervención establecido para o caso, as actividades que se fixan inicialmente para o desenvolvemento do SAF son as seguintes:

Atencións de carácter persoal.

Atencións de carácter de apoio psicosocial.

Atencións de carácter doméstico.

Atencións de carácter socioeducativo.

Atencións de carácter técnico e complementario.

Outras, especificar:

7. Que as tarefas que se fixan inicialmente para o desenvolvemento do SAF, e que serán levadas a cabo polo persoal auxiliar do servizo, serán as seguintes:

8. Que, así mesmo, a persoa usuaria, a súa familia ou persoas achegadas se comprometen a levar a cabo as seguintes tarefas:

9. Que as modificacións que puidese haber nas condicións inicialmente estipuladas neste acordo deberán ser recollidas nun documento novo asinado pola persoa usuaria e a persoa responsable do SAF, sendo xuntadas ó acordo orixinal.

10. Que o servizo se prestará atendendo ás condicións reguladas na Orde do \_\_\_\_ de \_\_\_\_\_, que regula o servizo de axuda no fogar e na ordenanza municipal sobre o SAF, onde están recollidas os dereitos e obrigas da persoa usuaria, baixas temporais e causas de extinción.

Ámbalas dúas partes dan a súa conformidade a este acordo de prestación do servizo de axuda no fogar e asínano.

Maside, \_\_\_\_ de \_\_\_\_ de 20\_\_.

O/A usuario/a

O/A técnico/a responsable

Asdo.:

Asdo.:



## Anexo X: Baixa voluntaria no servizo de axuda no fogar

Don/Dona \_\_\_\_\_, con DNI \_\_\_\_\_,  
idade \_\_\_\_\_, estado civil \_\_\_\_\_, con \_\_\_\_\_ enderezo  
en \_\_\_\_\_ e teléfono \_\_\_\_\_,

## Solicita

A baixa voluntaria na prestación do servizo de axuda no fogar, conforme á normativa municipal que regula este servizo dende o día \_\_\_\_\_.

## Declara

Que as causas que motivan a baixa voluntaria son as seguintes:

---

---

---

---

---

---

Maside, \_\_\_\_ de \_\_\_\_\_ de 20 \_\_\_\_

Asdo.:

Sr. alcalde do Concello de Maside



Una vez transcurrido el plazo de información pública de la Ordenanza municipal reguladora del servicio de ayuda en el hogar del Ayuntamiento de Maside, al no presentarse reclamaciones o sugerencias dentro de dicho plazo, se entiende elevado a definitivo el acuerdo adoptado por el Ayuntamiento en Pleno en sesión celebrada el día 2 de febrero de 2009, de conformidad con lo dispuesto en el artículo 49 de la Ley 7/1985, de 2 abril, de bases de régimen local, procediéndose a la publicación del texto definitivo.

Contra la aprobación definitiva de la anterior ordenanza cabe interponer recurso contencioso-administrativo ante el Tribunal Superior de Justicia de Galicia en el plazo de dos meses, contados a partir de la fecha de publicación íntegra de la Ordenanza en el BOP.

Maside, 26 de marzo de 2009. El alcalde.

Fdo.: Celso Fernández López.

Ordenanza reguladora del servicio de ayuda a domicilio del Ayuntamiento de Maside

Capítulo I: Disposiciones generales

Artículo 1: Fundamentación y objeto.

El objeto del presente reglamento es la adaptación del servicio municipal de ayuda a domicilio a las nuevas necesidades planteadas en la Ley 39/2006, de 14 de diciembre, de promoción de la autonomía personal y atención a las personas dependientes, pero respetando lo establecido con anterioridad en la Ley 4/1993, de 14 de abril, de servicios sociales que regula los aspectos básicos de los servicios sociales en cuanto al sistema integrado y servicio público de la Comunidad Autónoma de Galicia; el Decreto 240/1995, de 28 de julio, que regula los servicios sociales de atención primaria de forma que garantice la atención básica y generalizada en la totalidad del territorio autonómico con unos contenidos mínimos en la prestación de los servicios a todos los ciudadanos; y la Orden de 22 de julio de 1996, de la Consellería de Sanidad y Servicios Sociales, por la que se regula el servicio de ayuda a domicilio.

El Ayuntamiento de Maside hasta la actualidad no contaba con una ordenanza propia que regulase el servicio de ayuda a domicilio, rigiéndose por la ordenanza reguladora del servicio de ayuda a domicilio aprobada en Pleno el 3 de marzo de 2000 por la Mancomunidad de Ayuntamientos de O Carballiño de la que formó parte hasta 31 de diciembre de 2008, por lo que se considera necesaria la aprobación de ésta en función de los cambios que la Ley 39/2006 de promoción de la autonomía personal y atención a las personas dependientes establece.

Artículo 2: Definición y objetivo.

El Servicio de ayuda a domicilio tiene por objeto prestar un conjunto de atenciones a las personas en su domicilio, desde una perspectiva integral y normalizadora en aquellas situaciones en las que tenga limitada su autonomía personal o en los casos de desestructuración familiar, facilitando la permanencia en su propio entorno de convivencia favoreciendo su calidad de vida y evitando o retardando su posible institucionalización.

El servicio de ayuda a domicilio ofrece un conjunto de atenciones de carácter personal, doméstico, socioeducativo y preventivo, que deberán ser conformes con la valoración téc-

nica realizada por los Servicios Sociales de Atención Primaria.

Los cuidados y atenciones serán realizados por personal cualificado y con supervisión técnica directa por parte de los Servicios Sociales de Atención Primaria del Ayuntamiento de Maside o la entidad prestadora del servicio, si fuese el caso.

Artículo 3: Contenido del servicio.

Las atenciones prestadas desde el servicio de ayuda a domicilio tendrán un carácter complementario y no sustitutivo de las propias capacidades de la persona usuaria o de otras personas de su entorno inmediato de manera que facilite y promueva su autonomía y no la dependencia.

- Atenciones de carácter personal: aquellas que van dirigidas específicamente al usuario/a cuando este no pueda realizarlas por sí mismo o precise de apoyo para llevarlas a cabo:

- \* Apoyo y asistencia para levantarse y acostarse; para higiene personal, vestirse y asearse, para cambios posturales, movilizaciones, orientación espacio-temporal, apoyo a personas afectadas por problemas de incontinencia, supervisión de medicación simple y pequeñas curas.

- \* Actividades de acompañamiento, integración social, desarrollo de hábitos saludables y actividades de ocio.

- De carácter doméstico y de la vivienda:

- \* Limpieza del domicilio limitada a tareas de limpieza cotidiana.

- \* Compra de alimentos y otros productos de uso común.

- \* Elaboración de comidas adecuadas al estado, condiciones y necesidades del usuario/a.

- \* Lavado y cuidado de la ropa.

Como norma general no se realizarán las labores de: lavado de ropa a mano, limpieza de portales y escaleras exteriores o comunitarias, limpieza de cristales, limpieza de paredes y techos, labores de jardín y huerta y alimentación y aseo de animales.

Las tareas de limpieza quedan reservadas únicamente a las dependencias o habitaciones utilizadas usualmente por el usuario/a (normalmente cocina, baño y dormitorio). Excepcionalmente se realizarán este tipo de tareas, previa valoración de la situación por el trabajador/a social de los Servicios Sociales del Ayuntamiento de Maside.

- De carácter psicosocial y educativo: intervenciones técnico-profesionales, formativas y de apoyo al desarrollo de las capacidades personales, afectividad, convivencia y la integración en la comunidad donde se desarrolla la vida del usuario/a, así como el apoyo a la estructuración familiar:

- \* Asesoramiento y formación de padres.

- \* Apoyo de la relación con el entorno.

- \* Administración de la economía doméstica.

- \* Apoyo y orientación en los cambios de la dinámica familiar.

- De carácter técnico y complementario: gestiones o actualizaciones que puedan ser necesarias para poner en funcionamiento el servicio o para la continuidad en condiciones adecuadas siempre que supongan un apoyo a la no institucionalización.

- \* Teleasistencia, comer en casa, fisioterapia y podología a domicilio, Lavandería a domicilio o cualquier otra disponible en el Ayuntamiento de Maside que sea valorada técnicamente adecuada.

Artículo 4: Beneficiarios/as.

El servicio de ayuda a domicilio estará abierto a todas las personas o unidades familiares de convivencia del



Ayuntamiento de Maside para las que, después de la valoración técnica correspondiente, suponga un recurso idóneo de atención. Con carácter prioritario, estará dirigido a las personas que tengan un derecho reconocido de atención dentro del sistema de autonomía y atención a la dependencia.

Con carácter general, los/las usuarios/as serán:

- Personas mayores con minusvalía o con dificultades por convalencia o enfermedad, para los que este servicio pueda significar su continuidad en el domicilio cubriendo sus necesidades básicas.

- Familias con personas mayores, minusválidos o enfermos crónicos que necesiten ayuda para atenderlos.

- Familias con menores a los que hay que cuidar y atender por ausencia de los padres o tutores o por otras circunstancias que afecten a los cuidadores suficientemente justificadas.

- Familias que presenten disfunciones, con problemas de estructuración familiar, problemas de relaciones, siempre en colaboración con el programa de Educación Familiar.

- Cualquier otra situación de emergencia que surja y sea valorada como tal por el/la trabajador/a social de los Servicios Sociales del Ayuntamiento de Maside.

Artículo 5: Derechos y deberes de los beneficiarios/as.

Son derechos de los beneficiarios/as:

Las personas usuarias del servicio, además de los derechos que con carácter general se le reconocen en el artículo 36 de la Ley 4/1993, de servicios sociales, tendrán derecho:

- A la permanente información sobre el estado de la tramitación de su solicitud, así como cualquier otro aspecto que conlleve la modificación del servicio.

A ser tratados/as con respeto, puntualidad y eficacia por parte del personal del servicio.

A conocer la organización y el reglamento del servicio.

A acceder al servicio y recibir asistencia sin discriminación por razón de sexo, raza, religión, ideología o cualquier otra condición social o personal.

El tratamiento confidencial de sus datos de acuerdo con lo dispuesto en la Ley orgánica 15/1999 de 13 de diciembre de protección de datos de carácter personal.

- A recibir una atención adaptada a sus necesidades conforme a la concesión del servicio con calidad y duración prescritas en cada caso.

- A dejar el servicio por voluntad propia.

- A presentar quejas y sugerencias al personal coordinador del servicio y hacer las reclamaciones correspondientes.

Son deberes de los beneficiarios/as:

Las personas usuarias del servicio, además de los deberes que con carácter general se contemplan en el artículo 37 de la Ley 4/1993, de servicios sociales, tendrán los siguientes derechos:

